

ACORDO PARA A APLICACIÓN DA LEI 4/2007 DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS AO CORPO DE POLICIA LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA.

Con data 20 de abril de 2007 aprobouse a Lei 4/2007, de coordinación de policía local, entrando en vigor o 28 de maio de 2007.

A devandita Lei establece unha nova estrutura dos corpos de policía local de Galicia. No seu artigo 24 sinálase que a estrutura xerárquica dos corpos de policía local de Galicia, en escalas e categorías, é a seguinte:

- a. Escala superior, que comprende a categoría de superintendente.
- b. Escala técnica, que comprende as categorías de intendente principal e intendente.
- c. Escala executiva, que comprende as categorías de inspector principal e inspector.
- d. Escala básica, que comprende a categoría de oficial e policía.

Sinalando que cada escala se corresponde aos seguintes grupos de clasificación:

- a. Ás escalas superior e técnica, grupo A.
- b. Á escala executiva, grupo B.
- c. Á escala básica, grupo C.

Así mesmo, establécese que a titulación esixible para cada grupo será a establecida na lexislación xeral sobre función pública e, en particular, a seguinte:

- a. Grupo A: doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalentes.
- b. Grupo B: diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalentes.
- c. Grupo C: bacharelato, técnico superior de formación profesional ou equivalentes.

Coa entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, os Grupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira existentes á entrada en vigor deste Estatuto integraranse nos Grupos de clasificación profesional de funcionarios previstos no, de acordo coas seguintes equivalencias:

- Grupo A: Subgrupo A1
- Grupo B: Subgrupo A2
- Grupo C: Subgrupo C1

En consecuencia, aos corpos de policía local de Galicia, por cada escala, correspóndelles os grupos de clasificación seguintes:

1. Ás escalas superior e técnica, grupo A, subgrupo A1.
2. Á escala executiva, grupo B, subgrupo A2.
3. Á escala básica, grupo C, subgrupo C1.

Esta Lei, entre outros motivos, nace a consecuencia de que os concellos foron adquirindo, durante estes anos, cada vez mais competencias e responsabilidades, en boa medida por tratarse da administración máis próxima ao cidadán.

A citada Lei, na súa Disposición Transitoria Primeira, establece que no prazo de tres anos dende a entrada en vigor da devandita Lei, os funcionarios dos corpos de Policía local da escala básica, executiva, técnica e superior entenderanse clasificados, unicamente aos efectos retributivos, nos grupos C, B e A, sen que este feito poida supoñer necesariamente un incremento de gasto público nin modificación do cómputo anual das retribucións totais dos funcionarios desas escalas e categorías. Esta clasificación dos funcionarios da Policía

local levarase a efecto de modo que non supoña necesariamente incremento no cómputo conxunto das súas retribucións. Nestes casos percibirán o soldo base e os trienios correspondentes ao novo grupo de titulación, pero o exceso sobre o do grupo anterior deducirase das súas retribucións complementarias, preferentemente do concepto de produtividade, se o hai, referidas a catorce mensualidades en cómputo anual, de forma que se perciban idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior.

Baseándose nos antecedentes expostos e vistas as propostas formuladas na Mesa Xeral de Negociación, por parte da Administración Municipal e os representantes das Seccións Sindicais presentes na Mesa adóptase o seguinte

ACORDO

A reclasificación do Corpo da Policía Local do Excmo. Concello da Coruña prevista na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, efectuarase con efectos do día 04 de maio de 2009, de acordo coas seguintes especificacións:

- 1º. Os grupos de clasificación nos que se reclasifica o corpo da Policía Local do Excmo. Concello da Coruña, por cada categoría, quedará da forma seguinte:
 - a. Categoría de superintendente: grupo A, subgrupo A1.
 - b. Categoría de intendente principal: grupo A, subgrupo A1.
 - c. Categoría de intendente: grupo A, subgrupo A1.
 - d. Categoría de inspector principal: grupo A, subgrupo A2.
 - e. Categoría de inspector: grupo A, subgrupo A2.
 - f. Categoría de oficial: grupo C, subgrupo C1.
 - g. Categoría de policía: grupo C, subgrupo C1.

- 2º. Esta reclasificación do Corpo da Policía Local non suporá, inicialmente, un incremento das retribucións totais ordinarias dos funcionarios afectados. O incremento retributivo que supón aplicar o importe correspondente do soldo basee consecuencia do novo grupo de clasificación será deducido do complemento específico, de modo que os funcionarios afectados seguirán percibindo idénticas remuneracións globais respecto á situación anterior, coa excepción do incremento que poida supoñer o perfeccionamento de novos trienios correspondentes ao novo grupo de titulación. PARA estes efectos, o valor do complemento específico vixente ao 03/05/2009 diminuírase en igual contía que o incremento que supoña aplicar o novo grupo de clasificación respecto do grupo anterior no que estaba encadrado o funcionario afectado.

A materialización das modificacións retributivas relativas ao complemento específico farase como segue:

- A. O valor do complemento específico vixente á data 03/05/2009 diminuírase en igual contía que o incremento que supoña aplicar o soldo do novo grupo de clasificación respecto do grupo anterior no que estaba encadrado o funcionario afectado, de forma que as retribucións non varíen.

Formúlaa de cálculo aplicable será a seguinte:

$$CEFINAL = CEINICIAL_{2009} - (\text{Sueldo}_{\text{GRUPO RECLASIFICADO}} - \text{Sueldo}_{\text{GRUPO ANTERIOR}}).$$

Sendo:

CEFINAL = O importe do complemento específico que se aplicará, a partir do 04/05/2009, aos membros da policía local afectados pola reclasificación.

CEINICIAL 2009 = O importe do complemento específico vixente ao día 03/05/2009.

Sueldo_{GRUPO RECLASIFICADO} = Soldo base correspondente ao novo grupo resultante da reclasificación.

Sueldo_{GRUPO ANTERIOR} = Soldo base correspondente ao grupo anterior á aplicación da reclasificación.

- B. A partir do 28 de maio de 2010, a aplicación da reclasificación ao Corpo da Policía Local implicará que o valor do complemento específico vixente ao 03/05/2009, co incremento retributivo anual pertinente para o exercicio 2010, soamente se aplicará unha detracción equivalente ao 40% da diferenza entre o soldo do novo grupo de clasificación respecto do grupo anterior.

Formúlaa de cálculo aplicable será a seguinte:

$$CEFINAL = CEINICIAL_{2009} - 0,40 \times (\text{Sueldo}_{\text{GRUPO RECLASIFICADO}} - \text{Sueldo}_{\text{GRUPO ANTERIOR}}).$$

Sendo:

CEFINAL = O importe do complemento específico que se aplicará, a partir do 28/05/2010, aos membros da policía local afectados pola reclasificación.

CEINICIAL 2009 = O importe do complemento específico vixente ao día 03/05/2009, co incremento retributivo para o 2010.

Sueldo_{GRUPO RECLASIFICADO} = Soldo base correspondente ao novo grupo resultante da reclasificación.

Sueldo_{GRUPO ANTERIOR} = Soldo base correspondente ao grupo anterior á aplicación da reclasificación.

- C. A partir do 01 de xaneiro de 2011, a aplicación da reclasificación ao Corpo da Policía Local implicará que o valor do complemento específico vixente ao 03/05/2009, cos incrementos retributivos anuais pertinentes para o 2010 e o 2011, soamente se aplicará unha detracción equivalente ao 10% da diferenza entre o soldo do novo grupo de clasificación respecto do grupo anterior.

Formúlaa de cálculo aplicable será a seguinte:

$$CEFINAL = CEINICIAL_{2009} - 0,10 \times (\text{Sueldo}_{\text{GRUPO RECLASIFICADO}} - \text{Sueldo}_{\text{GRUPO ANTERIOR}}).$$

Sendo:

CEFINAL = O importe do complemento específico que se aplicará, a partir do 01/01/2011, aos membros da policía local afectados pola reclasificación.

CEINICIAL 2009 = O importe do complemento específico vixente ao día 03/05/2009, cos incrementos retributivos para o 2010 e o 2011.

Sueldo_{GRUPO RECLASIFICADO} = Soldo base correspondente ao novo grupo resultante da reclasificación.

Sueldo_{GRUPO ANTERIOR} = Soldo base correspondente ao grupo anterior á aplicación da reclasificación.

- D. A partir do 01 de xaneiro de 2012, a aplicación da reclasificación ao Corpo da Policía Local implicará a percepción do 100% do complemento específico vixente ao 03/05/2009, cos incrementos retributivos anuais pertinentes para o 2010, 2011 e o 2012, sen ningunha diminución.

- 3°. Así mesmo, con efectos do 01 de xaneiro de 2012, modifícanse os niveis do complemento de destino dos postos de traballo da Policía Local da Coruña, a todos os efectos, quedando da forma seguinte:

Posto de traballo	Nivel
Xefe do Corpo Policía Local	28
Secret. X. Corpo	18

SupInt. J.U. Territ.	27
Int. Ppal. J.U. Esp.	26
Int. J.U. Oper.	25
Int. J.U. Coord. Ap.	25
Insp. Ppl. J.U.	24
Insp. Ppl. 2º J.U. Op.	24
Insp. Ppl. 2º J.U. Coord.	24
Insp. J. Grupo Prot.	22
Insp. J.U. Oper. Esp.	22
Insp. J.U. Oper.	22
Insp. J.U. Coord. Ap.	22
Of. Grupo Prot.	20
Of. U. Oper. Esp.	20
Of. U. Oper.	20
Of. U. Coord. e Ap.	20
Pol. U. Oper. Esp.	18
Pol. U. Oper.	18
Pol. U. Coord. e Ap.	18

4º. Con efectos do 01 de xaneiro de 2013 modifícanse os niveis de clasificación, de acordo co previsto no apartado "Normas sobre retribucións" das Normas de Xestión, do elemento que forma parte do complemento específico, no relativo á natureza do denominado específico basee (FR) dos postos de traballo da Policía Local, a todos os efectos, quedando da forma seguinte:

Posto de traballo	Elementos Específico
X. Corpo P. Local	FR14, ED(Nivel 14), PG4
Secret. X. Corpo	FR06, ED((Nivel 5)
SupInt. J.U. Territ.	FR13, ED(Nivel 13), PG4
Int. Ppal. J.U. Esp.	FR12, ED(Nivel 12), PG4
Int. J.U. Oper.	FR11, ED(Nivel 11), PG4
Int. J.U. Coord. Ap.	FR11, ED(Nivel 11), PG4
Insp. Ppl. J.U.	FR11, ED(Nivel 10), TC, PG4
Insp. Ppl. 2º J.U. Op.	FR11, ED(Nivel 10), TC, PG4
Insp. Ppl. 2º J.U. Coord.	FR11, ED(Nivel 10), TC, PG4
Insp. J. Grupo Prot.	FR11, ED (Nivel 10), TC, PG3
Insp. J.U. Oper. Esp.	FR10, JP(Nivel 9), FN(Nivel 9)TC, PG3
Insp. J.U. Oper.	FR10, JP(Nivel 9), FN(Nivel 9)TC, PG3
Insp. J.U. Coord. Ap.	FR10, JP(Nivel 9), FN(Nivel 9)TC, PG3
Of. Grupo Prot.	FR09, ED(Nivel 8), TC, PG2
Of. U. Oper. Esp.	FR08, JP(Nivel 7), FN(Nivel 7), TC, PG2
Of. U. Oper.	FR08, JP(Nivel 7), FN(Nivel 7), TC, PG2
Of. U. Coord. e Ap.	FR08, JP(Nivel 7), FN(Nivel 7), TC, PG2
Pol. U. Oper. Esp.	FR06, JP(Nivel 5), FN(Nivel 5), TC, PG1
Pol. U. Oper.	FR06, JP(Nivel 5), FN(Nivel 5), TC, PG1
Pol. U. Coord. e Ap.	FR06, JP(Nivel 5), FN(Nivel 5), TC, PG1

5º. O previsto no apartado 2º do presente Acordo, non será de aplicación aos membros da Policía Local que ingresaran no Concello da Coruña, tanto pola quenda libre coma pola quenda de mobilidade, con data posterior ao 03 de maio de 2009, por ingresar todos eles no grupo correspondente á nova clasificación de cada categoría.

- 6º. Para a aplicación do previsto nos apartados 3º e 4º será necesaria a modificación da Relación de Postos de Traballo e das súas Normas de Xestión, adaptando ambos os dous instrumentos ao previsto no presente Acordo.
- 7º. Para o abono das gratificacións por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo terase en conta os novos grupos derivados da reclasificación establecida no apartado 1º do presente Acordo, aplicando a devandita compensación con efectos do día 04 de maio de 2009.
- 8º. Os funcionarios afectados por esta reclasificación e que pasen á situación de xubilación forzosa, por cumprimento da idade regulamentaria nos anos 2010, 2011 e 2012, percibirán a totalidade do complemento específico sen a detracción prevista nos apartados A, B e C do punto 2º do presente Acordo, dende o 04 de maio de 2009.
- 9º. Este Acordo, unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Disposición Final. Sen prexuízo do previsto nos apartados C e D do punto 2º do presente Acordo, se as disponibilidades orzamentarias municipais o permiten, a partir do 01 de xaneiro de 2011 adiantarase a percepción do 100% do complemento específico vixente ao 03/05/2009, cos incrementos retributivos anuais pertinentes para o 2010 e o 2011.

A Coruña, 03 de decembro de 2009

Pola Administración Local
O Tenente de Alcalde delegado de Persoal

Fdo. José Federico Nogueira Fernández

CC.OO

Polas Seccións Sindicais
CSIF

Fdo. Manuel Aceña Liste

UGT

Fdo. Marina Lorenzo Fernández

Fdo. Roberto Tizón Miguens

Fdo: Javier Sobrino Viqueira